

3 **ESCRIBE** 1, 2 ou 3 segundo cumpra. Que idea desenvolve cada parágrafo do texto?

Os Xogos Olímpicos

Os Xogos Olímpicos son un acontecemento deportivo de alcance mundial que se celebra cada catro anos.

Naceron na Grecia Antiga no ano 776 a. C.

As competicións máis importantes tiñan lugar no templo de Olimpia, en honor do deus Zeus.

Un dos símbolos dos xogos é o facho olímpico. A súa chama mantense acesa mentres duran as probas, coma na antigüidade.



UN SÍMBOLO DOS XOGOS OLÍMPICOS ▶ ☐

A ORIXE DOS XOGOS OLÍMPICOS ▶ ☐

O QUE SON OS XOGOS OLÍMPICOS ▶ ☐

4 **ORDENA E ESCRIBE** un texto. Despois, inventa un título.

- ☐ Este deporte estreouse no 2020 nos Xogos de Tokyo.
- ☐ O gañador do ouro foi o extremeño Alberto Ginés.
- ☐ Inauguraron un rocódromo preto do colexio.
- ☐ Volverá gañar nos Xogos de París 2024?
- ☐ Sabías que a escalada xa pode competir nos Xogos Olímpicos?
- ☐ Onte comecei un curso de escalada para principiantes.
- ☐ Que gran noticia!

Hai dous enunciados intrusos!

